



A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 7 | Edición nº 82 | Outubro de 2024 | PRECIO 2 EUROS

BNG: "Ponteareas perdeu máis de 700.000€ de fondos EDUSI"

Páxina 5

O Ateneo Amado Garra convoca concentración polo Centro Cívico

Páxina 5

A Cañiza actualiza as súas ordenanzas fiscais

Páxina 9

Covelo concienciará sobre o seu patrimonio natural

Páxina 10

O BNG acusa o "favoritismo" do Alcalde do Porriño

Páxina 12

Un mosense concursa para os "50 panadeiros TOP de España"

Páxina 14

Salceda avanza no saneamento das parroquias

Páxina 15

Ponteareas presenta a "Estratexia 2030"

Páxina 16



Entrevista: César Gil Bernárdez | Alcalde de Mondariz Balneario (BNG)

"En Balneario estamos sacando matrícula de honra na integración dos refuxiados"

Páxina 6



Entrevista

Pablo Barcia | Novo Alcalde de Mondariz polo PP

"O goberno de AporM pecou de non saber tender a man e de tentar impoñer só o seu criterio"

Páxina 7

Los **25** Dias

¡MÁS BARATOS DEL AÑO!

del 15 de octubre al 9 de noviembre

REGALO EDREDÓN NÓRDICO por la compra de un calcetín pikolin

pikolin

BOINSCON CENTER

Concha Brey, 4 - PONTEAREAS

Teléfono: 986.640.115 609.851.452

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Somos o que lemos, o que escoitamos e o que vemos

O pasado mes de setembro titulábase o editorial "Hoxe vai de medios". Daquela apenas me metín nas tripas do mundo informativo. Prometín volver sobre o tema para tratalo máis a fondo porque hai moita tela que cortar no eido das informacións.


Hoxe tomando como leitmotiv os acontecementos que estamos a vivir na política española atrevome a solicitarlles unha breve paréntese para chegar ao miolo da cuestión dunha maneira didáctica, non xornalística, como se dunha lección de política práctica se tratara. Descúlpenme polo atrevemento. Debe ser iso que chaman deformación profesional. Logo de 40 anos impartindo clases ás veces non podo evitar esta inclinación.

Hoxe vou comentar con vostedes, amigos lectores, as miñas impresións sobre o que estamos vivindo no eido da política estatal, autonómica e, por que non, municipal.

Cando me atopo nalgún tipo de faladoiro ou comentario de taberna sempre me pasa igual. Cando escoito alguén falar cunha profundidade que asusta sobre os temas que diariamente nos preocupan: aumento de soldos, dereitos laborais, inflación, corrupción, etc. e comprobo como os tertulianos descualifican con rotundidade aos políticos, non podo menos que preguntarlles, "Ti que sabes deste asunto? Que fontes de información son as túas? Que libros sobre o tema tes na túa mesa de noite?". Como habitualmente as respostas son peregrinas remato o conto cunha sentenza na que creo de verdade: mira, amigo, amiga, para facer afirmacións sobre algo hai que ter información suficiente e variada sobre ese tema. Se como parece a túa información procede dos xornais pesebristas que tes sobre os mostradores dos bares e cafeterías, ou sobre o que escoitas en programas de radio e televisión que todos sabemos quen os paga, mellor estate calado ou calada. Porque sen unha boa información non é posible ter unha mínima opinión válida.

Aquí é onde eu quería chegar.

Os que xa peiteamos ruzas tempos ha, os que viñemos ao mundo aló polos primeiros anos da posguerra, os que medramos e nos formamos no máis miserable escurantismo, aínda estudiando unha carreira, sabemos que sen unha profunda formación e información non se pode



opinar sobre o que está pasando non só nesta pel de touro que chamamos España senón no resto do mundo. Porque como di o refrán "en todos os sitios cocen fabas".

Os estudantes dos anos 60 ou 70 do século pasado, vivindo baixo as botas dun miserable militar, que deus confunda se aínda non o fixo, non tivemos acceso a fontes de información minimamente fiables. Aínda hoxe, máis de medio século máis tarde, a información que reciben os estudantes resulta de todas formas insuficiente. Ás veces resulta nula ou manipulada, que aínda é peor.

Tivemos, aqueles que fomos sempre inconformistas, que buscarnos as lentellas para facernos cunha información minimamente aceptable, decente. Aínda así seguimos orfos de certas fontes que din sería perigoso abrirille a billa. Seguen a considerarnos menores de idade para comprender as miserias humanas daqueles que tivemos que soporta como dirixentes políticos ou económicos. Aquí tamén temos que incluír aos dirixentes morais, lease sacerdotes e predicadores relixiosos.

Pero hoxe vemos con estupor, con rabia e con pena, como os medios de comunicación existentes (hoxe estamos rodeados de opinadores indecentes, deshonestos, miserables), tratan de condicionar as nosas ideas, as nosas interpretacións do que ocorre como se foramos menores de idade. Pero é que neste campo si o somos porque

o noso desenvolvemento intelectual nos pasa da infancia.

Escoitar a un xubilado criticar ao goberno actual sobre as pensións resulta insoporrible. Non se trata aquí de defender ao actual goberno (eu só votei socialista nunha ocasión alo polos anos setenta nun dos gobernos de Felipe González, que nada tiña que ver co actual, obviamente), polo que non se me pode acusar de parcial. O que si me alarma e me pregunto como pode ocorrer que un xubilado coma min poida estar en contra das medidas recentes tomadas polo goberno neste eido. Nos gobernos anteriores a min aumentábanme cada ano a pensión o equivalente a un café cada día, cando o café custaba 1 euro, porque hoxe xa non me daría para tanto. Sen embargo actualmente na última subida xa me da para un par de cafés diarios e unha cañas de cando en vez. Logo por que os millóns de xubilados que se veñen beneficiando destas medidas están en contra do goberno? Será porque son moi de dereitas e non aceptan un goberno que se di de esquerdas porque realmente, créanme, para min o actual goberno de esquerdas ten ben pouco, pero vale. Será por iso?

Logo se falamos do mundo laboral que podemos dicir? Cando un goberno neste país tomou tantas medidas en favor dos traballadores e aínda dos parados? Millóns de cidadáns viron como os seus dereitos

polos que viñan pelexando dende tempos xa pasados se viron aceptados e mellorados: soldo mínimo interprofesional, pago de baixas por enfermidade, axudas á conciliación das parellas, becas escolares, etc. etc. Que había nos gobernos anteriores neste mundo do traballo e da vida social?

Por iso sigo afirmando que nesta nosa terra e nas terras que nos arrodean o que falta é información decente e verdadeira. O que faltan son medios de comunicación non pesebristas que digan o que ocorre de verdade, sen que isto queira dicir que non debemos criticar aos gobernantes actuais. Pero eu estou plenamente seguro que se algo temos que criticar non é polo mal que o están facendo senón polo medo que teñen a facer aínda máis cousas en beneficio dos máis necesitados porque aínda non foron quen de quitarse de enriba o medo as botas dos cuarteis militares que agora, nos tempos modernos non están precisamente nos cuarteis senón nos despachos das grandes multinacionais, dos lobbys, dos bancos, dos multimillonarios que gañan nun día o que un traballador en todo a súa vida pero que pagan menos impostos que ese humilde traballador.

Por que, logo, escoitamos esas afirmacións tan peregrinas, tan prexudiciais para unha sociedade libre e decente? Porque os cidadáns que non pisan unha librería en todo o ano, que non son que de subscribirse a medios de comunicación non dependentes dos poderes fácticos, están alimentados polo que ven neses nefastos programas televisivos, polo que len nos xornais que gratuitamente teñen a súa disposición en bares e cafeterías, por esas emisoras de radio e por eses infectos youtubers (ou como se diga) que constantemente lles están comendo o coco para beneficio propio. Aí teñen ao último, Alviste, que descubrimos non era máis ca un home sen escrúpulos que enganou a todos os seus oíntes e espectadores. Vai servir de exemplo para abrirille os ollos aos millóns de cidadáns que cren nas súas mentiras e embustes?. Moito me temo que non. E así nos vai.

Sexan felices. Lean novelas de amor como nos tempos dos nosos avós pero non se fien dos vendedores de crecepelo que só lles interesa medrar a costa dos seus apoios. O país impórtales un rábano.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

Cinco proxectos finalistas para a nova Biblioteca Pública

O concurso de ideas para a rehabilitación do edificio do Mercado de Abastos en Biblioteca Pública Municipal deu un paso máis ao seleccionar o xurado os 5 proxectos finalistas de entre os 102 presentados que optarán á redacción e dirección do proxecto. Os cinco finalistas son os proxectos cos seguintes lemas: 'Nao Senlleira', 'No era un sombrero', 'Kunsthainho', 'Condensador Urbano' e 'O Castro Urbano'.

Estes cinco estudos seleccionados contan agora con 30 días para desenvolver a idea presentada a nivel de anteprojecto de entre



os que se elixirá a proposta gañadora, que conleva un premio de 10.000€ e se outorgarán un segundo e terceiro por valor de 7.500€ e 5.000€ respectivamente,

así como dous accésits de 2.500€. A proposta que resulte seleccionada será a encargada de redactar o proxecto final e levar a cabo a dirección da obra.

O BNG ve inviable rematar este ano a ludoteca

O BNG saíu ao paso do que considera "un anuncio propagandístico do goberno de Nava Castro e da dereita co acondicionamento dun edificio para a nova ludoteca municipal", adxudicado na Avenida Sarmiento Rivera e conseguido "grazas ao PXOM" aprobado durante o anterior goberno bipartito.

Indica que para executar a obra, cun investimento total de 250.000€, o goberno local vén de pedir un préstamo de



150.000€, a devolver até 2032, xustificando a necesidade do préstamo en que a obra terá que estar concluída antes de que remate este ano para xustificar unha achega nominal dos 100.000€ restantes por parte da Deputación. O BNG desvela que "o proxecto desta obra, que xa saíra a licitación e quedou deserto en maio, establece un prazo de execución de 10 meses, polo que dificilmente poderá estar rematada en decembro".

10.000€ para o ascensor do CEIP Mestre Ramiro Sabell

Ante as queixas presentadas pola ANPA do CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera pola falta de reparación do ascensor que atópase fóra de servizo dende marzo pasado, afectando gravemente aos alumnos con necesidades especiais, o concelleiro de Ensino da

Xunta, Ricardo González, informou que a Consellería xa formalizou o contrato menor para o arranxo do ascensor cuxo investimento ascende a 9.833,42€. Aproveitou tamén para indicar que se realizarán traballos de reparación ante os danos causados pola treboada.

Máis de 20 proxectos na primeira convocatoria de ArtisTea

O programa de Residencias ArtisTea de Artes e Pensamento pechou a súa primeira convocatoria cun éxito rotundo, téndose presentado máis de 20 candidaturas para este programa con iniciativas de poesía, música, performance e formas híbridas.

O Comité de Selección dará a coñecer durante o mes de outubro as persoas seleccionadas e a lista de suplentes. Haberá un máximo de 8 persoas seleccionadas, con 2 prazas preferente para persoas con diversidade funcional motora, psíquica ou sensorial debidamente acreditada, e outra para persoas residentes na comarca do Condado.

As persoas seleccionadas terán



acceso entre o 11 e o 17 de novembro a aloxamento con pensión completa no edificio da Residencia así como unha masterclass coa poeta escénica e música, premio Martín Códax da Música, Lucía Aldao.

TRIFOLIUM INGENIEROS

Luis Gelpi Álvarez
INGENIERO AGRÓNOMO
Colg. G834

Alcalde Daniel Ojea, 10 bj
PONTEAREAS
☎ 653 047 430 / 886 216 505 ✉ lgtrifolium@gmail.com

PANADERÍA A BROA CAFETERIA

Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

TEASEGUROS

Corredora Rosa Domínguez
Rúa Reveriano Soutullo 5, Ponteareas
986 641 623 - 696 379 393

LOVECARS®

www.lovecars.es

A CASA DA TRIGA RESTAURANTE

Abrimos todos os días de 12 a 23:59h

Praza Maior, 19 baixo Non pechamos cocina
PONTEAREAS

PONTECAMPER
Alquiler de CAMPERS y AUTOCARAVANAS
☎ 667 40 19 07
www.pontecamper.com

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

PSOE: "O goberno négase a investir 1M€ para o saneamento de Ribadetea"

A voceira municipal dos socialistas, Vanesa Fernández, denunciou que a Alcaldesa Nava Castro e ACIP votaron en contra da moción presentada polos socialistas para pedirle á Xunta de Galicia que adxudique canto antes os 3 contratos que ten licitados dende febreiro pasado para acometer as obras da primeira fase do saneamento en Ribadetea, financiada nun 68% con fondos da UE. Así, Fernández indicou que "o goberno de Ponteareas négase a investir



o millón de euros que acaba de recibir do Estado no saneamento de Ponteareas".

Igualmente criticou a actitude da Alcaldesa durante o último pleno municipal de setembro de retrasar o tema de saneamento da parroquia de Ribadetea cando estaban presentes unha dúzina de membros da Plataforma do Saneamento de Ribadetea. "Só puideron debatirse 9 dos 22 puntos que tiña a orde do día do Pleno, entre os que figuraba unha moción presentada polo Partido Socialista sobre o estado da licitación da obra de saneamento en Ribadetea" informou Fernández.

Piden incluír a N-120 nos Orzamentos do Estado

O Grupo Municipal do PSdeGPSOE de Ponteareas solicitou a axuda da deputada socialista no Congreso dos Deputados, Paula Fernández, para que o proxecto de transformación e mellora da seguridade viaria da N-120 sexa incluído nos Orzamentos Xerais do Estado do 2025 ou, en todo caso, se priorice dentro da "axenda galega" do Ministerio de Transportes

A mellora da seguridade e permeabilidade peonil da N-120 entre o centro urbano de Ponteareas e o alto do Confurco afectará a uns



5 quilómetros de trazado, aproximadamente. Discorre polas parroquias de Xinzo, Arnos e Areas

e conta cun orzamento estimado tras o último deseño de 5,26 millóns de euros (IVE incluído).

Aprobado Plan contra incendios forestais

O Concello vén de aprobar, mediante decreto, o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais, elaborado pola empresa pública SEAGA grazas ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o establecemento dun sistema público de xestión da bio-

masa nas faixas secundarias.

O documento inclúe unha relación de parcelas afectadas, coa referencia catastral, e a superficie total e afectada en m². O informe sinala que, segundo os datos obtidos no Plan de Emerxencia por Incendios Forestais de Galicia (PEIFOGA), o Índice de Risco Potencial é alto polo que se pasa a declarar o termo municipal como

Zona de Alto Risco dentro do Distrito Forestal XVII O Condado – A Paradanta cunha extensión de preto de 126 km², e presta especial atención aos espazos poboados máis aqueles naturais protexidos como as Zonas Especiais de Conservación, a Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, e a Rede Natura, os tres na contorna do Río Tea.

Encontros Veciñais do PSOE



Segundo informou Vanesa Fernández Soage, portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Ponteareas, durante os próximos meses levarán a cabo nas distintas parroquias do Concello o proceso de Encontros Veciñais cos colectivos so-

ciais co obxectivo fortalecer o diálogo e a colaboración coa cidadanía, así como recoller as inquietudes e propostas dos veciños para mellorar a calidade de vida no noso concello. Os encontros iniciáronse este 25 de setembro na parroquia de Guláns.

II edición de "PinchoTea"

A Concellería de Comercio pon en marcha a segunda edición de 'PinchoTea', a ruta de 'pinchos' que ten como obxectivo dinamizar a hostalería de Ponteareas, que se celebrará

dende o 24 de outubro ao 10 de novembro. Establécense dúas categorías no concurso: 'Cociña en miniatura'; e o 'Pincho Taverneiro'. Un mesmo local poderá participar nas dúas categorías.

Máis de 100 incidencias polo furacán Kirk

A Concellería de Mobilidade, Seguridade, Bombeiros e Protección Civil, Vías e Obras informou de que os bombeiros de Ponteareas realizaron ata o momento máis de 100 servizos para resolver as incidencias derivadas do temporal Kirk.

Entre todas as actuacións das últimas horas, os bombeiros tiveron que atender dous accidentes de tráfico (un en Villabroso e outro na carretera de Mondariz), un incendio na estación de tren de Arbo, retirar máis dun centenar de árbores e ser capaces de chegar aos barrios das parroquias que quedaron



illadas por algunha incidencia.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra anunciou que mantivo pechado o castelo de Soutomaio e que abrirá o de Sobroso, debido a diversas incidencias coa caída de árbores do xardín do Castelo de Soutomaio.

ATLANTICOLOR
FERRETERÍA
 Telf: 986 669 955
 C/ Sauce, 7 - PONTEAREAS
PERMITIDO ACCESO DE VEHÍCULOS
ZONA CARGA E DESCARGA max. 15 Minutos

Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO
 986 644 036
 www.covelo.cc
 grupoluco@covelo.cc

mp MARPI
 Pisos Casas Solares
 Ventas Compras Alquileres
 R/ Amado Garra, 11
 PONTEAREAS
 Tel.: 986 66 18 18
 Fax: 986 64 47 29
 e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

PONTEAREAS

BNG: "O Goberno municipal perdeu máis de 700.000€ de fondos EDUSI"

O portavoz municipal do BNG, Miguel Bouzó, desvelou que o goberno de Ponteareas perdeu máis de 700.000€ dos fondos europeos correspondentes á Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostíbel Integrado "Ponteareas Hábitat Saudábel" segundo se recolle nos documentos oficiais aos que tivo acceso.

Detallou que "Ponteareas deixou sen executar máis de 400.000€ que lograra o anterior goberno do BNG" toda vez "perderon case 200.000€ por irregularidades, por non presentar documentación ao Ministerio e polo cambio de uso do edificio da Praza Maior" e perderon "case



100.000€ por non pagar a tempo facturas de traballos xa executados en diferentes operacións". O conxunto das perdas implicará "que os gastos que foron realizados na estratexia europea e

para os que se contaba con financiamento teñan que asumirse con fondos municipais, impedindo destinar ese diñeiro a outras necesidades da veciñanza".

Nova edición de TeaTrea

Do 13 de outubro ao 19 de novembro, o Auditorio Reveriano Soutullo acollerá unha edición máis o Ciclo de teatro 'Tea Trea' no que participarán seis compañías de teatro afeccionado.

O ciclo comeza o domingo 13 ás 18:00 horas coa obra "Mambrú volveu da guerra" de Tro Tea Tro, o sábado 19 ás 20:00 horas actúa o grupo Pena do Equilibrio con "Día dixital", o domingo 20 ás 18:00 horas, Os Serodios representan "Sete mulleres para un home", o domingo 2 de novembro ás 18:00 horas o grupo Ponte Carneiro porá en escea "As cousas do noso pobo", o sábado 9 ás 20:00 horas o grupo Todos Xuntos con "Pechamos portas" e o do-



mingo 17 de novembro ás 18:00 horas o grupo Pedra do cabalo representa "Avós de gardería".

Ademais, os sábados 19 e 26 de outubro, de once da mañán á unha do mediodía, terá lugar no auditorio o obradoiro "Teatro da

memoria" para maiores de 16 anos. As prazas para este taller son limitadas e os interesados poden inscribirse enviando un correo a departamentocultura@ponteareas.gal.

Posta a punto do CRA A Picaraña



Alcaldesa Nava Castro e o concelleiro de Ensino Ricardo González visitaron a aula de Areas do CRA A Picaraña para inaugurala despois das obras realizadas durante os últimos meses, sendo recibidos polo seu director David Mazaira.

Segundo González "realizá-

ronse obras de eficiencia enerxética co cambio de todas as ventás e portas que permiten maior eficiencia térmica e acústica. Ademais substituíuse o tellado e toda a súa estrutura, que estaban moi danados e filtraba auga provocando goteiras no interior.

O Ateneo Amado Garra convoca concentración polo Centro Cívico

O presidente do Ateneo Amado Garra, Roberto Mera, informou que esta entidade convocou para o sábado 26 de outubro ás 12 horas unha concentración diante do Centro Cívico, situado na Praza Maior, para esixir que este equipamento sexa "un espazo para a xente e non para uns poucos". A concentración coincidirá coa inauguración no edificio da Residencia de Artistas promovida polo Goberno Municipal.

O Ateneo denunciou o cambio de destino do Centro Cívico diante da Autoridade de Xestión da EDUSI, dependente do goberno do Estado, que se encarga de velar pola correcta utilización dos fondos europeos. O equipamento creouse para que a vila



contase cun espazo sociocultural e ese destino foi modificado unilateralmente polo goberno municipal para convertelo nun aloxamento para uns pequenos grupos de persoas.

Tamén presentou unha queixa perante a Valedora que foi admitida. A Valedora reclamou información ao Concello que aínda non lle facilitou.



CONDADO/PARADANTA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

César Gil Bernárdez | Alcalde de Mondariz Balneario (BNG)

"En Balneario estamos sacando matrícula de honra na integración dos refuxiados"

César Gil Bernárdez (Mondariz Balneario, 1969) logrou unha histórica vitoria electoral para o BNG nos comicios municipais de 2023, poñendo fin a 40 anos consecutivos de gobernos do PP. En agosto pasado, o Concello foi no-

ticia nalgúns medios de comunicación ante determinados bulos racistas espallados polas redes sociais sobre a acollida e integración dos inmigrantes refuxiados recibidos de Malí. O propio Alcalde desmentiu publicamente estes "fake news".

Cal é o balance que pode ofrecer tras máis dun ano de goberno?

O balance neste primeiro ano é moi positivo xa que estamos colocando as primeiras pedras a un proxecto a medio/longo prazo, sen olvidarnos dos problemas do día a día. Cando chegamos atopámonos con moitas cousas abertas e por solucionar, resolvimos moitas pero segue sendo moi larga a lista. Sabíamos que non ía ser fácil e do enorme reto que nos agardaba pero unha vez chegamos descubrimos moitas cousas que dende a oposición era moi difícil de detectar. A sorte que teño é o equipo de persoas que me rodean; o fan todo moi fácil, e por parte do persoal municipal tamén só teño boas palabras.

Balneario ten recibido recentemente 170 inmigrantes principalmente de Malí y Senegal. Tomando en conta que teñen aparecido diversos bulos racistas en redes sociais, cómo está sendo a súa integración e cales son as iniciativas de acollida para esta poboación?

A acollida esta sendo moi positiva para todos e todas, é unha oportunidade de demostrar que clase de vila somos. Agora mesmo estamos sacando matrícula de honra. Moitas veciñas e veciños están propondo actividades de integración e de voluntariado que fan que esa integración sexa posible. Por parte deles son sempre boas caras e moito agradecemento a calquer xesto.

Igualmente, cómo beneficiará

demograficamente este feito sendo Balneario o Concello galego máis pequeno (700 habitantes)?

Nós beneficia a nivel de valores e solidariedade. A nivel demográfico non ten impacto xa que neste momento seguimos sendo os mesmos veciños, somos un Concello habituado a ter moitos turistas e moita xente nos hoteis.

Temos observado dende o Concello unha serie de iniciativas de conmemoración histórica sobre o pasado do Balneario. Está isto beneficiando ao municipio en materia turística e de promoción exterior?

Si, para nós é fundamental ser un destino atractivo para moita xente. O noso motor é o turismo



"Estou seguro de que as relacións serán boas co novo goberno de Mondariz"

e por iso o mimamos e coidamos día a día. Temos que seguir pulindo detalles e mellorar na experiencia que lle ofrecemos a todas as persoas que se achegan a Mondariz Balneario. O noso obxectivo é que a xente repita e que se quede a vivir na nosa vila.

Cómo pode afectar a Balneario a recente dimisión do goberno de Mondariz e o retorno ao poder do PP nese Concello, tendo en conta asuntos vitais comúns como a xestión da EDAR e o saneamento municipal?

Afecta que comezamos de 0 en moitos asuntos que ían polo bo camiño co anterior goberno, e non me cabe dúbida que seguirán por esa camiño con este novo goberno. Os problemas comúns temos que solucionamos e chegar a entendementos sobre moitos dos servizos públicos. No caso da EDAR nós estamos dando pasos para poder lograr a conexión facendo as reparacións que nos tocan e agora ten que porse as pilas Mondariz. Estou seguro de que as relacións serán boas.

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

Síguenos

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

TAPERÍA - CERVEXARÍA

A Fragha

Telf: 622 024 787 - PONTEAREAS

CENTRAL AGRICOLA
PONTEAREAS, S.L.

Agro - Jardín - Ferrería

✉ comercialareas@hotmail.com
☎ 986 66 11 91 - 629 52 24 18
🏠 Areas Picoto 36861 - Ponteareas

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

- Refuerzo escolar
- Todas as materias
- Técnicas de estudo
- Preparación de exames
- Orientación educativa

Avda. de Galicia, 4 -1º. PONTEAREAS
Telf: 675 088 316 - info@academiatempos.es

Pablo Barcia | Novo Alcalde de Mondariz polo Partido Popular

"O goberno de AporM pecou de non saber tender a man e de tentar impoñer só o seu criterio"

Despois de nove anos, o PP recupera o goberno de Mondariz trala dimisión do anterior goberno de Alternativa por Mondariz (AporM) e amparado no feito de ser a segunda

lista mais votada. Deste xeito, o empresario Pablo Barcia Bello foi proclamado en pleno municipal o pasado 27 de setembro como o novo Alcalde.

Vde. foi elixido Alcalde tralo pleno municipal realizado o pasado 27 de setembro. Cales serán as prioridades deste novo goberno?

A principal é sanear as contas cun plan de pagos ordenado e realista que permita cumprir cos nosos provedores, aos que se deben 1,8 millóns de euros pola xestión do goberno anterior; e, a partires de aí, manter e reforzar os servizos públicos, incrementar a atención aos veciños de Mondariz e apostar, na medida do posible polos investimentos. Ademais de estar máis pendentes do día a día e daquelas cousas que melloran a calidade de vida da xente, tamén queremos acondicionar todas as estradas do municipio, para o cal xa conseguimos unhas primeiras achegas de 2,5 millóns de euros da Deputación, e tamén tentar facer un par de actuacións importantes no casco urbano, como poderían ser a necesaria reforma do pavillón ou a ansiada consecución dunha escola infantil.

Gobernará con 3 concelleiros con 8 da oposición. É cons-

ciente de que ten apoios políticos precarios que poden complicar a súa xestión?

Son perfectamente consciente da situación, pero en Mondariz os cidadáns decidiron que non houbera maiorías absolutas e que os grupos municipais estableceramos canles de diálogo e, nese senso, creo que o Partido Popular ten un mellor talante que o anterior goberno de AporM. Respecto moito o traballo que fixeron, malia que nos separan importantes diferenzas ideolóxicas e de proxecto para Mondariz, pero sinceramente creo que pecaron de non saber tender a man e de tentar impoñer só o seu criterio malia que supoño que eran conscientes de que non tiñan maioría absoluta.

A causa da dimisión do anterior goberno (AporM) foi a negativa para aprobar os Orzamentos municipais, acusando á oposición (PP, PSOE e BNG). Foi así realmente? De ser isto certo, cales foron as razóns para non aprobalos?

AporM tivo o apoio da oposición, neste mandato, para aprobar

unha suba de impostos ante a necesidade de obter máis recursos e tamén para pedir un préstamo de 700.000 euros e de acadar un adianto de 50.000 euros para pagos urxentes. Polo tanto, as súas acusacións de bloqueo non son verdade e, no caso dos Orzamentos 2024, tivo ben fácil aprobalos porque desde a oposición só pedíamos a inclusión dunhas enmendas que supoñían o 7% do total. Ese grupo político xustificou a súa marcha por non aprobar o documento económico, pero máis ben creo que é unha excusa infantil porque dame a impresión de que o verdadeiro motivo era o medo a ter que afrontar unha débeda de case 2 millóns de euros que eles mesmos xeraron e estaban sen solucións fronte a ese problema.

Ve posible agora aprobar eses Orzamentos?

É perfectamente posible, aínda que non é o máis urxente, porque a prioridade pasa polo plan de pagos a provedores. Pero en todo caso, eu non renuncio a aprobar os Orzamentos e entendo que as contas de AporM máis as enmen-



"O verdadeiro motivo da dimisión do goberno anterior era o medo a ter que afrontar unha débeda de case 2 millóns €"

das acordadas por PP, PSOE e BNG constitúen un proxecto económico interesante e acaído para Mondariz que, ademais, debería ter o voto favorable de alomenos 6 dos 11 concelleiros do pleno.

Cómo observa a situación económica do Concello?

A verdade é que é moi mala, porque un Concello coma o noso, cuns 3 millóns de euros de orzamento, non pode ter sen pagar case 1,8 millóns en facturas ao peche do primeiro semestre do ano. E ademais cun retraso no cumprimento cos provedores de 191 días, é dicir, máis de seis meses, que é o terceiro peor dato da provincia de Pontevedra. Polo tanto, a xestión económica realizada por AporM non foi boa e aí están as cifras, porque o que é medible non é opinable. Pero en todo caso, confío na nosa capacidade de xestión para saír adiante, para tratar de estruturar estes pagos nun plan a 14 anos no

marco dos distintos mecanismos que establece o Goberno de España. E a partires de aí, traballar, traballar e traballar para seguir construíndo o Mondariz que queremos.

Con Mondariz Balneario hai xestións comúns en canto a servizos municipais ademais do tema da EDAR. Como afrontará a relación con este goberno veciño de Mondariz?

Pois afrontareina como son eu e como somos os integrantes do PP de Mondariz, coa man tendida, con moito talante, con todo o diálogo necesario e co ánimo máximo de colaboración, porque entendo que as relacións institucionais que beneficien aos veciños e aos territorios, e máis cun municipio veciño como Mondariz-Balneario co que tanto nos une, teñen que ser boas. Estou convencido de que, neste tempo novo que se abre en Mondariz, todo vai ir ben neste sentido.

"É perfectamente posible aprobar os Orzamentos municipais, aínda que non é o máis urxente"

**Autoescuela
PONTEAREAS**
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

**Pauta
MOTOR**
servicio integral para automovilismo
C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

**Nattex
Pontareas**
NATTEX PONTEAREAS
Rúa Alcalde Daniel Ojea, 8 bajo. 36860 Pontareas
T. 986 175 033. M. 618 613 013
nattexpontareas@gmail.com
www.nattex.com

CONDADO/PARADANTA

O PP recupera a Alcaldía de Mondariz

Despois de nove anos, o Partido Popular recupera o goberno de Mondariz. Amparado no feito de ser a segunda lista máis votada, o empresario Pablo Barcia Bello foi proclamado este 27 de setembro como o novo Alcalde nun pleno municipal que apenas durou 16 minutos.

Barcia recolleu o bastón de mando da man de Ana Corredoira, responsable interina do PP local. Non obstante, o equilibrio de forzas políticas municipais é precario: Barcia gobernará con 3 concelleiros contra 8 da oposición.

A sesión plenaria foi presidida polo concelleiro e ex Alcalde do BNG Xosé Emilio Barros Bello, o



máis veterano da Corporación Municipal. Só se postularon 2 candidaturas: a de Barcia e a de Violeta Lois Fortes (PSOE) Na primeira votación o PP contou con tres

votos e o PSOE tamén tres, da sumatoria dun dos socialistas e 2 do BNG. Ao non existir maioría resultou gañador a lista máis votada, neste caso o PP.

Mondariz recibirá 2,5M€ para investimentos estratéxicos

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, avanzou ao novo alcalde de Mondariz, Pablo Barcia, o compromiso da Deputación para axilizar e executar investimentos por valor de aproximadamente 2,5 millóns de euros en proxectos estratéxicos para o municipio, entre os que se atopan a reforma da estrada provincial EP-4306 entre as localidades de Sabaxáns e Cernadela, cun cambio de proxecto que acolla as necesidades reais



dos veciños; a mellora da seguridade viaria na senda peonil a Fo-

zara; ou acelerar a reparación da ponte sobre o río Tea.

449.000 € para reformas de infraestruturas deportivas en Mondariz Balneario

O Concello de Mondariz Balneario impulsa unha serie de iniciativas como MonEste proxecto, que conta cun financiamento de 246.000 € da UE, 180.000 € da Xunta e 23.000 € da Deputación de Pontevedra, e inclúe a rehabilitación integral do edificio anexo ás instalacións deportivas. O obxectivo é converter o edificio nun referente de modernidade e sustentabilidade, adaptado ás necesidades dos deportistas que o empregan re-

gularmente.

A concesión desta subvención súmase á recentemente obtida polo concello, en colaboración cos municipios de A Caniza, O Carballiño, Maside, Mondariz e Melón, que achegará preto de medio millón de euros a Mondariz Balneario para a mellora e dixitalización do ciclo da auga. Este proxecto promoverá o uso máis eficiente dos recursos hídricos, un paso máis cara á sustentabilidade e á modernización do municipio.

AporM pide protexer o parque eólico do Coto de Eira

No pleno extraordinario celebrado o 8 de outubro, Alternativa por Mondariz (AporM) presentou unha moción de urxencia pedindo á Corporación que rexeitara a instalación do parque eólico de 10 aerogeradores de 101 metros de altura (158 m se incluímos as hélices) arredor do Coto de Eira, así como a solicitude da inclusión do mesmo espazo na Rede Natura 2000, tal e como propuxera a Xunta en 2012.

AporM criticou que o PP, BNG e PSOE cuestionaron se a inicia-

tiva podía ser tratada como unha moción ou como un rogo amosando a súa convicción de tratar o tema cos veciños e comunidades de montes de Sabaxáns e Gargamala, xa que serán os principais afectados por esta intervención.

Por outra banda, e no relativo á discusión sobre os festivos locais para o 2025, o pleno aprobou por unanimidade a proposta de AporM, unha vez comentado cos comerciantes, de manter como festivo o 16 de agosto, día de San Roque.

Mobilidade peonil na igrexa de San Sebastián de Cabeiras

A Deputación de Pontevedra aprobou o proxecto para levar a cabo as obras de mellora da mobilidade peonil no treito antigo da estrada provincial EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da igrexa de San Sebastián de Cabeiras, en Arbo. Cun orzamento próximo aos 420.000 euros, o proxecto será finan-

ciado ao 100% pola Deputación, xa que o Concello cubre o 20% (83.000 €) que lle corresponde no marco do convenio firmado entre ambas administracións cunha achega do Plan +Provincia.

En concreto, as obras buscan reordenar e mellorar a contorna e os espazos públicos no ámbito da igrexa e do Campo da Festa,



incluíndo o viario de acceso a ambos equipamentos, nun tramo de case 270 metros no que se renovará o pavimento, se mellorarán os sistemas de drenaxe de augas e servizos básicos, e se cambiará tanto o actual mobiliario urbano como a xardinería.

MiXturas
CASA DE COMIDAS
Justicia y Bono
686 321 683 - Mondariz Balneario

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO
POLLOS POR ENCARGO
DROGUERÍA
FERRETERÍA
JARDINERÍA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO
VENTA DE PLANTAS
DISTRIBUIDOR OFICIAL
Blona
C/MEROUDES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 2181 | 649 449 459

Carlos PELUQUERO
Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

Inaugurado o novo ximnasio do pavillón deportivo "Carballo do Marco"

O Alcalde da Cañiza Luis Piña, acompañado da Teniente de Alcalde M^a José Rodríguez e do encargado da constructora ML GLOBAL SLU, visitaron a instalación de 55.62 m² do pavillón deportivo "Carballo do Marco" xa rematada e que se inaugurou o 28 de setembro, nun acto conxunto entre o Concello e o CBC.

O Club dotará á nova instalación das máquinas adquiridas co "Premio Iberdrola" conseguido no ano 2023, na categoría "Supera Competición", agraciado con 50.000€. A obra de construción do ximnasio que comezou o pasado 20 de xuño, tras rematar a



tempada deportiva do CBC, contou cun investimento de 77.081,55€, subvencionado con cargo ás can-

tidades asignadas á Cañiza a través do Plan territorial +Provincia 2024 da Deputación.

A Cañiza actualiza as súas ordenanzas fiscais

O Concello aprobou provisionalmente en sesión plenaria este 26 de setembro a Ordenanza fiscal reguladora da Plusvalía e do ICIO. No caso da primeira, a súa última modificación puntual foi en 2016, polo que era necesaria a súa actualización para adaptala aos novos requirimentos esixidos polo RD Lei 26/21 do 8 de novembro polo que se adapta a Lei Reguladora de Haciendas Locales á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional no referente ás Plusvalías.

Por outra banda, a ordenanza reguladora do ICIO, que foi modificada por última vez no ano

2018, pasa dun tipo impositivo dun 2,8 a un 3,8. Un punto de incremento que practicamente non terá repercusión nas obras que necesiten comunicación previa ou declaración, que son a gran maioría das que se presentan no Concello. Neste imposto son de aplicación 4 bonificacións que se recollen no Artigo 4. Punto 2 da Ordenanza e que se refieren as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal". Esta medida sí que afectará ás grandes inversións que a medio ou longo prazo poidan realizarse no término municipal.

Abre a piscina climatizada na Cañiza

A Xunta de Goberno Local celebrada o 20 de setembro aprobou a actualización de prezos da piscina climatizada e do ximnasio municipal para a nova tempada 2024-25, tomando como referencia a subida de custos e do IPC de 2023, quedando fixado un incremento dun 3,1% para a piscina climatizada e un 19,4% para o ximnasio municipal.

No caso da piscina climatizada aprobouse a súa apertura para este 1º de outubro.

Por outra banda, e coa reforma desenvolvida na instalación en 2023 o Concello conseguiu rebaxar os consumos enerxéticos nun 50% e aumentar os ingresos pasando de 99.022,40€ no ano 2019 a 161.250,52€. No referente ao balance económico reporta

unha suma de gastos de 269.403,45€, correspondendo 134.630,41€ aos custos de salarios e Seguridade Social do persoal, o 50% dos gastos totais. En comparación con 2019, o Concello conseguiu baixar os custos nun total de 77.887,41€, tendo en conta ademais a subida do IPC nestes 5 últimos anos (14,1%).

Outono cultural en Arbo

O Concello de Arbo organiza o outono cultural con actividades de maxia, teatro e música do 12 de outubro ata o 23 de novembro.

Destacan entre estas actividades a Festa da Colleita de Sela (11 e 12 de outubro); a degustación "Galicia Sabe Amar" na Praza do Mercado (19 de ou-

tubro); a Festa de Samaín (31 de outubro) no Auditorio do Centro Multiusos; o VIII Magosto Popular na Praza do Concello (31 e outubro); o Concerto de Santa Cecilia da Banda de Música de Arbo (16 de novembro); e a obra de teatro da Asociación Evaristo de Sela (23 de novembro) no Centro Multiúsos.

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
Info@grupalong.com www.grupalong.com

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITAJES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasmg@hotmaill.com

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Venta de vehículos usados
Tel/Fax 986 66 15 41

SPG
TALLERES

ERDP
El Rincón del Perfumista

Tu Especialista en Cosmética Ecológica
Perfumes de Autor

886 311 003 | 633 535 053 @ www.erdp.es @ info@erdp.es
Paseo Matutino, 13. 36860 Ponteareas. Pontevedra

mariquita mimosa

Ropa infantil
Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS
mariquitamimosa@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

OTunel apas
Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

CONDADO/PARADANTA

Covelo concienciará sobre o seu patrimonio natural

O alcalde de Covelo, Pablo Castillo, informou que grazas ao apoio da Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda desenvolverán o proxecto "Coñecemento, biodiversidade e conservación na Rede Natura 2000-24/25". O Concello recibirá unha axuda de 15.200€ para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e a sensibilización ecolóxica na Rede Natura 2000 de Galicia cofinanciado co FEADER.

No marco de esta iniciativa crearase unha escola de auditores ambientais en colaboración co



CEIP Antonio Blanco Rodríguez. Trátase dunha campaña de concienciación ambiental que fará que o alumnado e profesorado do centro de ensino sexa auditor do ZEC Río Tea ES1140006. Esta actividade fomentará a ollada crítica das nenas e nenos e apoiará o currículo de ciencias naturais dun xeito práctico.

Renovación do parque infantil do CEIP Antonio Blanco Rodríguez

O Concello de Covelo licita a renovación da área de xogos do CEIP Antonio Blanco Rodríguez situada no interior do centro e cunha superficie de oitenta metros cadrados por 45.096,65 €.

A intervención contempla a retirada dos actuais elementos de xogos e posterior colocación dun conxunto de mini torre para exteriores con asento inclusivo composto por dúas torres, tobogán, columpio inclusivo, túnel, barra de bombeiro, escada de acceso e escaleira. Esta importante mellora complétase coa instalación



dunha cuberta translúcida de polícarbonato que permita unha luminosidade do 90%. Estas obras conta con apoio do Plan +Provincia da Deputación de Pontevedra.

Covelo con Zambia

A parroquia de Barcia de Mera, en Covelo acolleu este 5 de outubro o recital poético "El

guerrero vencido" do escritor murciano Antonio Labaña Serrano nun acto de solidariedade para a vila

de Kasempa en Zambia organizado pola Fundación Lusekelo-Alegría na igrexa de San Martiño.

Covelo fomenta a natalidade

O Concello informou que está aberto o prazo ata decembro para solicitar as axudas por natalidade das que se poderán beneficiar as familias empadroadas e con residencia efectiva. Para estas axu-

das, que tamén perseguen fixar poboación no rural, o Concello destina unha partida de 4.000€ correspondendo 500€ a cada neno ou nena nado ou adoptado entre o 1 de decembro de 2023 e o 30 de novembro de 2024.

Axudas para material escolar

O Concello de Covelo informou da apertura do prazo para solicitar as axudas para libros de texto e material escolar de educación infantil. As familias empadroa-

das poderán recibir un máximo de 100 euros por alumna/o agás as familias numerosas ou con fillos/as cunha minusvalía igual ou superior ao 33% que poderán chegar aos 125€.

Peregrinación cabalar da Rapa das Bestas de Sabucedo



A concelleira de Cultura, Lorena Soto, recibiu na Praza do Concello de Salvaterra a un grupo da Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo que organiza unha peregrinación cabalar a Santiago de Compostela polo Camiño Taverneiro, iniciativa na que tamén colabora a Asociación Codeseda Viva.

Os peregrinos que iniciaron o percorrido a primeira hora da mañá en Valença do Minho continuarán nos seguintes días por Ponteareas, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Ponte Caldelas, Cerdedo-Cotobade, Sabucedo, Cacheiras e chegaron o 5 de outubro a Santiago de Compostela.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

ELECTRICIDAD

BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

acero plus
imprensa digital
IMPRESA · PUBLICIDAD · WEB

986 66 03 61
604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

Ferretería

Julio Pérez Giraldez

Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
juliopezgiraldez@hotmail.com

C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

A Xunta reforza o persoal docente no CPI da Cañiza

O director xeral de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez, explicou no Parlamento que o Colexio CPI da Cañiza conta con todos os recursos precisos para atender ao seu alumnado tras recibir profesorado de reforzo para poder realizar o desdobre necesario en 4º de Educación Infantil, no marco do Plan MEGA de mellora educativa de Galicia.

O representante da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP detallou que a rateo global do centro en Educación Infantil e Primaria é de 8,9 alumnos por profesor e en Educación



Secundaria de 8,7 rapaces por docente, moi por debaixo dos máximos. O director xeral sinalou que, ademais do reforzo a través do Plan MEGA, o centro conta cun docente especialista en inglés

a maiores dos que lle correspondente por catálogo. No que atinxe á atención á diversidade, o centro conta con dous especialistas en Pedagogía Terapéutica, un en Audición e Linguaxe e un orientador.

23.000€ para pavimentación de viais municipais en Covelo



Ante as intensas chuvias que causaron un forte deterioro do firme en numerosas estradas, o Concello de Covelo investiu 22.837,75€ no arranxo de vías municipais de acceso a fogares en distintas parroquias. Co apoio do Plan +Provincia da Deputación de Ponte-

vedra executáronse traballos de limpeza, saneo de raíces, recheo, instalación de tubaxes e pavimentación na pista de Bugariña en Godóns, na pista de A Costa en Casteláns, na pista a Carballeda en Santiago de Covelo e na pista Coveliño-Loureiros en San Salvador de Prado.

Outono en Son

A nave de Aceros del Tea foi o escenario onde se realizou a oitava edición de Outono en Son, que conquistou ao público que encheu o aforo para desfrutar das actuacións de Coura Voce, de Portugal; Concerto Tempo, de Ferrol; e Mistura Vocal.



PSOE Salvaterra critica a perda do servizo de orientación laboral

Durante un pleno ordinario a comezos de outubro, o voceiro municipal socialista Félix González amosou o seu interese sobre o estado da subvención da Xunta para o servizo de orientación laboral, por

un importe de 27.999€ para a contratación de persoal. Para sorpresa, a resposta do goberno municipal foi evasiva: "temos que ver" ou "temos que estudar".

Lamentou González a perda desta subvención argumentando

a súa necesidade cando "a taxa de paro está arredor dun 12%", criticando as dificultades para a veciñanza de ter que acudir a Ponteareas, Mondariz ou Salceda de Caselas para recibir este servizo.

Homenaxe polo 50 aniversario da Festa da Colleita

En virtude do acordo adoptado no pleno da Corporación o pasado 26 de setembro o Concello de Arbo organizará un acto público para todos os veciños e veciñas onde se colocará unha placa conmemorativa na Praza da Feira na parroquia de Sela en recoñecemento a labor desenvolvida durante 50 anos coa Festa da Colleita dos produtos da terra.

A Festa comezou no ano 1972, cando os veciños e veciñas de Sela, adornaban os seus carros para acompañar a Santa Isabel e San Martiño na procesión dos



actos relixiosos pola rúas da parroquia de Sela e brindaban os produtos recollido no outono como eran o millo, froita, tomates, pementos, patacas, viño e cabazas, entre outros



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

LOURIÑA

O PORRIÑO

O BNG acusa o "favoritismo" do Alcalde nas contratacións

Os nacionalistas porriñeses denuncian "o abuso nas contratacións menores" por parte do Alcalde Alejandro Lorenzo a favor dos militantes e simpatizantes do PP naqueles contratos inferiores a 15.000€ e que non precisan de concurso. Esta situación agudízase nos numerosos contratos con determinados promotores de orquestras que copan, cada ano, a programación festiva do Concello do Porriño.

Denuncian que o concelleiro Antonio Barros "tenlle pasado en máis dunha ocasión facturas ao Concello, a través do grupo que ten coa súa parella", beneficiado tamén da contratación a dedo por parte do PP na Xunta da empresa na que toca, propiedade da



filla de Juan Pardo, e usando fondos do Xacobeo.

Outro caso de posible trato de favor é a reiterada contratación dun estudo de arquitectura por parte do concello para a redacción de proxectos "como o Campo da Feira, a humanización anunciada na rúa Pío XII ou a remodelación

do Centro Cultural Municipal" que é propiedade da filla do tenente de alcalde do PP en Mos, Arturo Grandal. No caso do PXOM, indica o BNG porriñés que "o goberno do PP adapta a normativa urbanística en función dos intereses dalgúns promotores e persoas afíns ó partido".

Outubro de solidariedade

O Concello do Porriño levou a cabo unha serie de actividades benéficas como o Bingo Solidario realizado este 5 de outubro no Círculo Recreativo Cultural e organizado por Acipor CCA Morea e o CRC. O recadado irá destinado ao proxecto "Miña casa, miña comunidade" de ACEESCA, que pretende ofrecer unha residencia inclusiva para 30 persoas en Torneiros.

O día 6 foi a quenda da II Carreira de Empresas de Galicia - XIII Interrunning, que incluíu a I Andaina Antonio Palacios. Os fondos recadados irán á asociación de axuda aos nenos de oncoloxía do hospital Álvaro Cunqueiro, Bicos de papel, e tamén á Asociación Española Contra o Cancro e ao programa municipal de alimentos SOS Porriño. Contará



tamén coa participación de Discamino, abrindo un horizonte máis inclusivo para as seguintes edicións.

Pola súa banda a Praza de Abastos de Porriño converteuse nun punto de encontro para a concienciación sobre a xestión de residuos e a reciclaxe.



II Carreira das Empresas



O Alcalde Alejandro Lorenzo e o presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, participaron na segunda edición da Carreira de Empresas Galicia 2024, que é tamén a décimo terceira Inte-

rrunning. A proba contou con distancias adaptadas para todas as persoas e foi de carácter solidario con colectivos como Bicos de Papel, Banco de Alimentos e a Asociación Española Contra o Cancro.

Fermina de Pouso celebrou o seu centenario



A parroquia de Cans celebrou os 100 anos de Fermina Fernández, coñecida cariñosamente por todos como Fermina do Pouso, contando coa presenza do Alcalde Alejandro Lorenzo e dos seus seres queridos. Fermina, quen traballou como costureira e vendedora

ambulante ao longo da súa vida, destaca polo seu incansable espírito e a súa calidez humana. Na celebración luciu con orgullo unha camiseta especial que dicía "Son Fermina", adornada cos nomes de cada un dos seus seres queridos, reflexo do agarimo que a rodea.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Bolboreta
 TINTORERIA & LAVANDERIA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Bajo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

PN
 Verónica Bastos

POWER NUTRITION

Rúa Doutor Paz Varela, bajo. Teléfono 667 34 52 99. 34400 - O PORRIÑO

Power_nutrition_asesoramientos

Dietsana
 DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684
 C/. Cando, 15
 O PORRIÑO

986 642 719
 C/. Alcalde Daniel Ojea, 10
 PONTEAREAS

O PORRIÑO

Máis de 1.000 expedientes para o Arquivo Dixital

O Concello do Porriño finalizou o traballo de dixitalización dos expedientes administrativos do Departamento de Urbanismo, levado a cabo por dez alumnos da especialidade de "Tecnoloxías da Información e Comunicación" do Obradoiro de Emprego "Porremprego Cualifica II" durante case 2.000 horas de traballo no que



dixitalizaron un total de 1.070 expedientes de diferentes depar-

tamentos municipais que abarcan desde o ano 2002 ata a implantación do sistema Xestiona na administración local.

Este programa pudo levarse a cabo grazas á colaboración da Xunta, que achegou 531.000 euros, xunto con 25.000 euros da achega municipal e 30.000 euros de fondos autonómicos para incentivos de contratación.

Acceso ao aluguer de vivendas baleiras

O Concello de Porriño puxo en marcha o seu Programa de Vivendas Baleiras, unha iniciativa que busca activar o maior número posible de propiedades desocupadas de titularidade privada para incorporalas ao mercado de alugueiro a prezos accesibles. Esta acción

enmárcase dentro do Programa de Mobilización de Vivendas en Alugueiro, impulsado polo goberno autonómico a través do IGVS.

O Concello creou un rexistro de potenciais arrendatarios e outro de vivendas e, a través do departamento de Servizos Sociais, adxudicáranse atendendo ás bases

reguladoras do mesmo. Os propietarios interesados en participar deberán presentar a súa solicitude antes do 31 de decembro de 2025. No apartado das persoas que busquen vivenda e cumpran cos requisitos establecidos poderán inscribirse no rexistro de demandantes do Concello.

Asemblea de Nenos no Festival de Cans



O Festival de Cans ven de botar a andar a Asemblea de Nenos, da que forman parte unha vintena de nenas e nenos da aldea, con idades comprendidas entre os 8 e os 16 anos.

Este primeiro encontro, celebrado no Local Parroquial de Cans, e ao que asistiron tamén os pais e nais, tivo como obxectivo escoitar as súas opinións

e estimular a súa participación na organización e na programación do certame. Cada neno que participou no festival como guía e se sumou e participou nesta Asemblea foi premiado cun vale de 25 euros para compra de material escolar, coa colaboración da cadea de papelerías Trazos, nun xeito de tecer apoios co comercio local e axudar ás familias no inicio do curso.

Debut europeo do balomán feminino porriñés

Porriño acolleu este 6 de outubro a eliminatoria de trintedousavos de final da European Cup feminina de balomán que enfrontou ao Conservas Orbe Zental BM Porriño e ao conxunto italiano SSV Brixen Südtirol, campión do seu torneo nacional.

O Conservas Orbe Zental BM Porriño clasificouse para a seguinte rolda despois de vencer por un contundente 34-16 ao SSV Brixen Südtirol. O equipo dirixido por Isma Martínez xa deixara sentenciada a eliminatoria no partido de ida (21-36), que tamén se disputou en terras galegas o o

venres 4. No cómputo global, o conxunto galego dobregou por 70-36 ao vixente campión de Italia.

O partido supón o debut do balomán porriñés en competicións europeas, un hito histórico tras 37 anos de fundación do clube feminino porriñés.



**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

633 60 12 57

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 20
633 60 12 57
josehula.bugarin@agencia.axa.es
segurosbugarin@gmail.com

AXA

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACION E ASSESORAMENTO
DE EMPRESAS

**José Abraldes Amil
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
36400 - O Porriño (Pontevedra) abraldes@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURIA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDAS.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisla.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

LOURINHA

Un mosense opta a ser un dos "50 panadeiros TOP de España"

Juan López, veciño da parroquia de Dornelas, foi recibido no Concello de Mos para presentarlle á alcaldesa, Nidia Arévalo, e demais membros do goberno local, unha bola como a que presentará en Pontevedra no concurso "50 panadeiros TOP de España" e coa que optará tamén ao premio "Estrella de la Panadería Española" representando á panadería na que traballa, "El Atelier de Diego Caride" en Vigo.

O concurso '50 panadeiros TOP de España'- 'Estrella de la Panadería Española' disputouse na



sección da Zona Norte este 25 de setembro no Mercado de Abastos de Pontevedra. O 5 de novembro

o xurado dará lectura dos gañadores no acto de entrega dos premios.

Mos constituirá a Mesa do Comercio

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e a concelleira mosense de Emprego e Participación Cidadá, Julia Loureiro, informaron da creación da Mesa Local do Comercio que celebrará a súa sesión constitutiva o vindeiro 10 de outubro. As representantes municipais, Arévalo e Loureiro, destacaron a creación deste órgano colexiado, que "permitirá poñer en común as necesidades do comercio local, e expor iniciativas que permitan visibilizar o comercio local do municipio".

Trátase dun órgano colexiado de participación, coordinación,



cooperación e colaboración entre o a Administración local-Concello de Mos e os representantes do sector comercial. Dos 315 conce-

llos de Galicia, só 168 teñen constituída Mesa Local do Comercio, e na provincia de Pontevedra tan só 55.

Unha media anual de 144 empresas buscan asentarse en Mos

De acordo aos informes do departamento municipal de Urbanismo, o Concello atende unha media de 3 consultas semanais sobre chan urbano industrial para asentar as súas empresas, o que representa unhas 144 consultas anuais. Así o informaron a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o concelleiro de

Urbanismo mosense, José Ramilo, explicando que estas cifras confirman que os polígonos e parques empresariais mosenses están ao 100% de ocupación, en especial antea recente creación do PEMOS Veigadaña así como os polígonos do Rebullón e de Monte Faquiña.

Deste xeito, Mos consolídase

como o cuarto municipio con maior tecido industrial da provincia de Pontevedra, buscando aumentar o seu chan industrial co novo polígono empresarial en Louredo (Arrufana) Mos-Redondela, que contará cunha superficie de preto de 480.000 metros cadrados e previsións de investimento de 40M€.

Mos adhírese ao Protocolo FEMP contra a violencia de xénero



O Concello de Mos realizou unha nova sesión da Xunta Local de Seguridade que contou coa asistencia da Alcaldesa, Nidia Arévalo, a concelleira de Educación e Mocidade, Julia Loureiro, o Subdelegado do Goberno en Pontevedra, Abel Losada, a xefa da Unidade de Violencia sobre a Muller, a subinspectora da Policía Nacional e ademais veciña mosense, María José Rodríguez, representantes da Comandancia da Garda Civil de Pontevedra, da Garda Civil de Mos, e da Policía Local de Mos, e traballadoras do CIM (Centro de Información á Muller de Mos): a directora,

Alba Bugarín e a xurídica, Ana María Rodríguez Cabaleiro.

Na orde do día abordáronse un total de seis puntos incluíndo a lectura e aprobación da acta anterior, balance da criminalidade (delitos e faltas) no termo municipal, análises da implantación e seguimento do "Plan Director para a Convivencia e a Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e a súa contorna", Informe Municipal e análise da situación actual da violencia de xénero; e adhesión do Concello de Mos ao Protocolo FEMP para a protección de vítimas de violencia doméstica e de xénero ou Sistema VioGén.

Saldo orzamentario positivo



O Pleno do Concello de Mos aprobou en sesión ordinaria de setembro e por maioría do seus membros a conta xeral do exercicio 2023 que recolle un resultado orzamentario positivo de case 700.000€ e un presuposto definitivo de 17M€

tras 4,5M€ de modificacións por subvencións conseguidas

Ademais, Mos non figura no listado de entidades locais incluídas no Procedemento de pago a Proveedores 2024 do Ministerio de Facenda, nin en adhesión voluntaria, nin obrigatoria.

Fiosan

Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 38862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675

fiosanconstruccion@gmail.com

GALICIA NA SEÑORA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

SALCEDA DE CASELAS

Pavillón de deportes renovado

O Concello de Salceda de Caselas ven de rematar as obras de renovación do pavimento do seu pavillón de deportes, substituíndo o vello cemento pulido por unha superficie de tarima de madeira de faia. Trátase dunha instalación dos anos 1990 na que hoxe en día, coas novas normativas, precisaba da instalación dun pavimento que garanta a seguridade e o confort das persoas usuarias. Neste caso o equipo redactor do proxecto apostou pola colocación dun pavimento deportivo areaelástico de tarima de madeira de faia, especialmente apto para a práctica dos principais deportes que se veñen practicando no pavillón de Salceda: fútbol sala, baloncesto, balonmán, badminton e patinaxe.



A reforma supuxo un investimento de 92.338,60 € financiados dentro do Plan Máis Provincia 2024. O equipo de goberno decidiu apostar por este proxecto tendo en conta que son máis de 500 persoas de tódalas idades as que empregan diariamente o Pavillón Municipal a través dos diferentes

clubes, ás que hai que sumarlles os case 500 nenos e nenas do CEP Altamira que fan uso das instalacións en horario escolar. O obxectivo principal é o de garantir a seguridade e minimizar en todo o posible os riscos que se poidan producir por caídas nas pistas.

Avances no saneamento das parroquias

Salceda recibiu unha subvención dentro do Plan + Provincia por importe de 56.629,28€ para executar un novo tramo de saneamento na parroquia da Picoña, e dar servizo á escola infantil e ás vivendas da contorna. A iniciativa continúa co plan de saneamento das parroquias iniciado o ano pasado nos barrios de Arrotea e Ataúde así como o proxecto de saneamento da Presa en Parderrubias, 'Tramo presa 4', un proxecto de ampliación de rede duns 544 metros que comeza en dita urbanización e remata no pozo existente na estrada de Sobreiro a



Portela e que conta cun orzamento de 132.067,76€

Portela e que conta cun orzamento de 132.067,76€

Mesa redonda de emprendemento no CDL

O vindeiro 24 de outubro terá lugar no CDL O Torrón unha mesa redonda sobre emprendemento enmarcada no Programa Integrado de Emprego do Concello de Salceda.

O acto terá como obxetivos informar e motivar a persoas desempregadas sobre as oportunidades de emprender, fomentar o networking e proporcionar recursos e ferramentas para iniciar un negocio.

Falarase de experiencias persoais, recursos, apoios e consellos, planificación e estratexia antes e durante a traxectoria emprendedora, marketing e vendas e aspectos legais e administrativos.

Inicio da tempada para o Caselas FC



O Campo da Gándara foi o escenario da presentación do Salceda FC para a tempada 2024-25. O club, fundado en 1967, compite actualmente no Grupo 5 (Preferente - Grupo Sur) da Primeira Autonómica Galega.

SEMANA DA BIBLIOTECA

Cinco ratiños de conto
División a bebés de 0 a 3 anos
23/10/2024 ás 18:00 horas
Casa da Cultura Castelao

Pepiña Maruxiña quiere voar
División a público familiar
24/10/2024 ás 18:00 horas
Auditorio Municipal

O mundo ao revés
División a nenos e nenas a partir de 3 anos
25/10/2024 ás 18:00 horas
Casa da Cultura Castelao

Inscripción previa na Casa da Cultura Castelao
Aforo limitado

Bodas - Comunionés

e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
info@restaurantemanolo.es
Antonio Palacios 101
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Fermín Bouza Brey, protagonista da colección "Creadores Ponteareáns"

No marco da colección "Creadores Ponteareáns", unha serie literaria coa que busca poñer en valor o traballo creativo das ponteareás e ponteareáns, o Concello presentou a última publicación desta colección co historiador, etnógrafo e escritor Fermín Bouza Brey nado na vila do Corpus no ano 1901.

Ao acto de presentación asistiron as súas netas Isabel e Matilde París Bouza, así como a Alcaldesa Nava Castro, o escritor e xornalista Manrique Fernández, editor desta obra, o concelleiro de Educación e Letras, Ricardo González, o escritor e psicólogo Alex Bouzó; Pablo Rodríguez Represas, gañador do Concurso de Poesía Letras Galegas 2024 do Concello de Ponteareas e Pilar Alonso, Aurora Ramilo e Hortensia Bautista de Versos de Area.



Coa publicación deste título sobre Fermín Bouza Brey xa son oito os libros editados dentro da colección Creadores Ponteareáns. Entre as súas distincións e nomeamentos académicos, cabe destacar que foi membro fundador do Seminario de Estudos Galegos (1923), membro da Real Academia

Galega (1941), académico correspondente da Real Academia da Historia (1942) e encargado das Seccións de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos (1944). Recibiu tamén a Cruz de San Raimundo de Peñafort (1948) e a de Alfonso X o Sabio.

Presentada a "Estratexia 2030"

Alcaldesa Nava Castro, acompañada pola deputada provincial de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital da Deputación de Pontevedra, Belén Cachafeiro e a concelleira de Urbanismo e Axenda 2030, Silvia Fernández, presentaron as liñas principais da Estratexia Ponteareas 2030.

Este documento, aliñado coa Axenda Urbana Española e a Axenda 2030 das Nacións Unidas no que se analiza a situación actual do Concello, consta de 32 actuacións que se artellan arredor de cinco grandes liñas estratéxicas identificadas como prioritarias



para o desenvolvemento sostible do municipio: sostibilidade ambiental; equidade territorial entre o rural e o centro urbano; 'Pon-

teareas, un lugar para vivir'; mellora dos servizos municipais; e transformación tecnolóxica e redución da fenda dixital.

Salceda urxe a construción de vivenda protexida



Alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, vén de poñerse en contacto coa Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, para trasladarlle a necesidade de construción de vivenda protexida no municipio. A Alcaldesa tiña xa solicitada unha cita para tratar este tema o pasado 17 de xullo sen que a día de hoxe fose respostada, polo que novamente vén de enviarse outra solicitude de reunión agardando que nesta ocasión poida ser atendida con urxencia.

O Concello ten dispoñibilidade de destinar unha área de 1.060 metros cadrados para vivenda

protexida no entorno do novo Centro de Saúde trala aprobación definitiva do proxecto de reparcelación do polígono II do PERI UE-02 o pasado mes de abril.

Lembran dende o Concello que o actual goberno da Xunta de Galicia se comprometeu a desenvolver chan residencial para a construción de 20.000 vivendas protexidas e que se fixou como obxectivo duplicar o parque de pisos públicos ata chegar aos 8.000, polo que agardan que Salceda sexa un dos lugares polos se aposte para esta promoción de vivenda pública, tendo en conta que é un dos poucos Concellos que veñen aumentando a súa poboación ano tras ano.

Máis de 91M€ en investimentos para os Concellos pontevedreses



O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, presentou ante Alcaldes e Alcaldesas da provincia os plans de investimento municipalista que o organismo provincial ten preparados para o vindeiro ano 2025 e que superan os 91M€.

López anunciou o estreo dun novo programa, o Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra), dotado 35M€ para executar pro-

xectos estratéxicos nos Concellos, a segunda edición do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas cun orzamento de 8M€, o mantemento do +Provincia como o plan de cooperación máis alto da historia da Deputación con 48,2M€, ademais, a aprobación dos orzamentos do vindeiro ano 2025 en tempo e forma para a súa entrada en vigor o vindeiro 1 de xaneiro.

ANTOMS



A un tic do tac



ollo por ollo e xente por xente



antONUo Gran mimo